



Memoria de dirección

2013-2017

SOLICITUDE DE PRÓRROGA

Serafín Álvarez Rodríguez | IES de Mugarodos | Xaneiro, 2017

1. Introdución
2. Proxecto de dirección
 - 2.1. Grao de consecución
3. Ampliacións e modificacións
4. Criterios e indicadores de avaliación
5. Conclusións e propostas de mellora

Introdución

Nesta memoria recóllense os puntos máis importantes da avaliación do proxecto de dirección presentado no ano 2013 por un período de catro cursos. No enderezo <https://sites.google.com/site/proxectoiesmugardos/> pode consultarse o proxecto íntegro cos obxectivos, liñas de actuación e indicadores de avaliación. En cada un dos apartados foise realizando ao longo deste período un seguimento cronolóxico das actuacións e logros acadados. Esta información actualizada regularmente permaneceu dispoñíbel na rede para consulta e control da comunidade educativa do IES de Mugardos.

Non foi un proxecto individual de dirección. Sen a implicación e traballo de todos os axentes que inflúen na marcha dun centro de ensino non sería posíbel a consecución de ningún obxectivo. En primeiro lugar, debemos salienta o grande espírito colaborador e capacidade de sacrificio do equipo directivo formado polos seguintes membros:

VICEDIRECCIÓN

Francisco Canoura Quintana: 2016-2017.

Ofelia Lubián Dubra: 2013-2016.

SECRETARÍA

Rafael Lago Santamaría.

XEFATURA DE ESTUDOS DE SECUNDARIA

María Luz Pardo Oroso.

XEFATURA DE ESTUDOS DE ADULTOS

Jesús Conde Lourido.

A dotación de persoal docente e non docente tamén foi determinante. O labor do claustro de profesores e profesoras, tanto pola súa estabilidade coma experiencia e profesionalidade permitiu afrontar os grandes retos educativos dos últimos anos. Por exemplo, a adaptación aos cambios normativos derivados da implantación convulsa da LOMCE

Por outra banda, mantivéronse as excelentes relacións coas familias do alumnado, boa parte dela a través da ANPA O Castro. Agradecemos o compromiso persoal da súa directiva pola colaboración na mellora das condicións de estudo e actividades extraescolares nun período de forte crise económica.

Outros axentes externos afianzaron os seus programas culturais e educativos en colaboración co instituto. Principalmente o Concello de Mugardos, sen distinción das tres corporacións locais de diferente cor política deste período municipal.

Proxecto de dirección

Velaquí a listaxe completa de **obxectivos** presentados ao comezo da aprobación do proxecto:

- Velar pola equidade e igualdade de oportunidades do noso alumnado. [3.1.]
- Garantir a seguridade e integridade física para as persoas dentro do recinto escolar.[3.2.]
- Conseguir espazos agradables para a concentración e o estudo.[3.2.]
- Mellorar a eficiencia enerxética do centro. [3.2.]
- Publicitar as ensinanzas impartidas no centro, especialmente a Educación Secundaria de adultos. [3.3.]
- Manter as dúas vías actuais do Bacharelato (e mesmo solicitar a implantación de Bacharelato de adultos de existir demanda de matrícula). [3.3.]
- Incentivar o estudo e a confianza nos profesores en todo o proceso ensino-aprendizaxe. [4.1.]
- Atender adecuadamente a diversidade do alumnado. [4.1.]
- Fomentar a participación do alumnado na vida do centro. [4.1.]
- Potenciar os órganos de participación e desenvolver todo o posible a súa capacidade de decisión e asunción de responsabilidades compartidas. [4.2.]
- Apoiar a participación do profesorado en proxectos, grupos de traballo e programas de mellora. [4.2.]
- Procurar as mellores condicións e medios de traballo necesarios para a realización das súas tarefas. [4.2.]
- Procurar as mellores condicións e medios de traballo necesarios para a realización das funcións do persoal non docente. [4.3]
- Ofrecer un marco de actuacións coordinadas coa ANPA que reforcen o seu funcionamento e o compromiso das familias nas actividades educativas. [4.4.]
- Fomentar a participación das familias na vida do centro. [4.4.]
- Intensificar as relacións exteriores, en especial coas institucións municipais. [4.5.]
- Mellorar a coordinación horizontal do profesorado dos diferentes grupos e niveis. [5.1.]
- Racionalizar baixo criterios pedagóxicos a elaboración dos horarios anuais para axudar a mellorar a atención e o rendemento do alumnado. [5.1.]
- Impulsar a redacción, aprobación e promoción dun Plan de Acción Titorial. [5.2.]
- Coordinar as saídas e excursións con obxectivos formativos e fixar uns criterios aceptables en canto á súa temporalización, duración e avaliación. [5.3.]
- Facer o posible para que exista unha vía cultural, deportiva e informativa que axude a neutralizar a rutina do curso académico. [5.3.]
- Fomentar o bo funcionamento do Departamento de Orientación, aproveitando ao máximo as súas potencialidades en beneficio da actividade xeral do centro. [5.4.]
- Cumprimento explícito da Lei galega para a igualdade de mulleres e homes. [5.5.]
- Avanzar cara a un modelo de biblioteca como centro documental do instituto ao servizo da comunidade educativa. [6.1.]

- Crear espazos e situacións para familiarizar aos nosos alumnos cos libros e a lectura. [6.1.]
- Revisar o Proxecto Lector de Centro a través de plans anuais de lectura, escritura e a investigación escolar. [6.1.]
- Conseguir a completa normalización do idioma galego na vida académica e fomentar o seu emprego como instrumento de comunicación no conxunto de actividades do IES. [6.2.]
- Continuar a participación do centro no Plan de Potenciación das Linguas Estranxeiras (seccións bilingües, CUALE, auxiliares de conversa). [6.3.]
- Incorporar o centro a proxectos de intercambio lingüístico con outros países (Comenius, Grundtvig, Visitas de Estudo; PIALE). [6.3.]
- Lograr unha dotación axeitada de recursos informáticos e de material didáctico de nova xeración no centro. [6.4.]
- Potenciar o emprego das novas tecnoloxías na aula, na xestión e na comunicación con toda a comunidade educativa. [6.4.]
- Avaliar o Plan TIC e garantir a súa continuidade. [6.4.]
- Posta en marcha anual dun Plan Deportivo de Centro. [6.5.]
- Promoción da cultura científica. [6.6.]
- Desenvolver actividades culturais propias. [6.7.]
- Coñecer realidades diferentes e estimular a participación social a través da solidariedade. [6.8.]

Grao de consecución

Tratábase duns corenta obxectivos repartidos en catro grandes bloques, por razóns de indexación (ver índice do proxecto) numerados do tres ao seis:

3. IES de Mugardos

Recolle todo o referido co contexto socioeconómico, instalacións e oferta educativa do centro.

3.1. Contexto socioeconómico		
ACTUACIÓNS	GRAO DE CONSECUCIÓN	Evidencia
Estreitar a relación cos Servizos Sociais municipais para a detección temperá das necesidades.	SI	
Reforzar a Educación de Adultos que previsiblemente experimentará un aumento de matrícula.	SI	
Manter as accións e campañas solidarias integrados na Rede de Centros Solidarios de Galicia.	SI Na RCES ata o curso 2014-2015	Proxectos Solidarios
Apoiar a ANPA para a formalización dun " banco de libros " ou outro sistema de intercambio de libros de texto.	SI	Memoria - 2015 Memoria - 2014
Conxelar os prezos das axudas para o transporte nas saídas escolares (3 euros, medio día; 5 euro, xornada enteira).	SI	
Garantir os servizos da biblioteca escolar como o préstamo, o acceso a internet e outros produtos culturais.	SI	Plans Anuais de Lectura
Publicitar as axudas e bolsas de interese para o noso alumnado	SI web	Sección web Bolsas, axudas, subvencións

3.2. Instalacións e dotación material		
ACTUACIÓNS	GRAO DE CONSECUCIÓN	Evidencia
Modernización das AULA MATERIA a través dun Plan de Aforro a tres ou catro cursos que inclúa a renovación do mobiliario, taboleiros e decoración.	SI	
Completar as melloras en iluminación dos corredores.	Parcialmente	Lámpadas de baixo consumo
Creación dunha segunda Aula de Informática no laboratorio de física e química (suxeito a estudo de viabilidade técnica e económica).	Parcialmente	Preparación da Aula 5 (instalación eléctrica; router; ordenadores)
Adecuación da Sala de Profesores ás necesidades laborais.	SI	Pintado. Mellora instalación eléctrica, ordenadores e impresora
Solicitar a impermeabilización do teito.	SI	Obras da Consellería (empresa Finisterre)
Revisión periódica dos elementos arquitectónicos con criterios de seguridade.	SI	Revisións empresas: COFERSA FENOSA

Posta en valor do xardín, a cortiña e a estación metereolóxica	SI Parcialmente	Contratación de servizo de xardinaría Nova estación meteorolóxica
--	--------------------	--

3.3. Oferta educativa		
ACTUACIÓNS	GRAO DE CONSECUCIÓN	Evidencia
Reforzar a Educación secundaria para persoas adultas en previsión do aumento de matrícula.	SI	Matrícula da ESA Publicidade ESA
Consolidar os plans de potenciación de linguas estranxeiras coa presenza do Programa CUALE (inglés) e as seccións bilingües na ESO.	SI	Matrícula nas probas da Escola de Idiomas para obtención do Bi
Se xorde a oportunidade e existe demanda de matrícula, apoiar co resto dos axentes sociais a posibilidade de completar a oferta educativa dos concellos de Ares e Mugardos cun ciclo de Formación Profesional.	SI	Consello Escolar Municipal Solicitud de FP na Xefatura Teritorial

4. Comunidade Educativa

Por sectores: alumnado, profesorado, persoal non docentes, familias...

4.1. Alumnado		
ACTUACIÓNS	GRAO DE CONSECUCIÓN	Evidencia
Aplicar todas as medidas de organización e curriculares admitidas no sistema educativo na atención á diversidade: reforzos, adaptacións, diversificación curricular, seccións bilingües, optativas...	SI	PDC e PMAR Aumento exencións de francés (2.º ESO) PROA Matrícula LOMCE: libre configuración.
Conxugar criterios pedagóxicos e criterios de socialización na confección de grupos heteroxéneos.	SI	Plan Xeral de Atención á Diversidade
Velar polas condicións que permitan rendabilizar o tempo de aprendizaxe na aula: puntualidade, silencio, concentración...	SI	
Impulso dun plan de mellora nas materias instrumentais.	SI	Aprobación Plan Lingüístico. Hora de Ler Contratos-Programa: Mellora da Competencia Matemática
Continuar co Programa-contrato na modalidade de Mellora para acadar o Éxito Escolar.	SI	Contratos-Programa
Revitalizar a xunta de delegados/as e animar a creación dunha Asociación de Estudantes	SI	Reunións trimestrais da Xunta de Delegados/as

4.2. Profesorado		
ACTUACIONES	GRAO DE CONSECUCIÓN	Evidencia
Continuar cos plans encetados a varios cursos: COMBAS; PLAMBE; varios Proxecta.	SI	PLAMBE Proxectas COMBAS Erasmus + PIALE
Apoiar a formación de Grupos de Traballo ou seminarios como vía de formación do profesorado no centro a través do CEFORE-Ferrol.	SI	
Vid. 3.1. Coordinación e planificación docente.		

4.3. Persoal non docente		
ACTUACIONES	GRAO DE CONSECUCIÓN	Evidencia
Consultar a súa opinión e consello sobre a marcha do centro nos aspectos da súa incumbencia.	SI	
Apoiar as propostas encamiñadas a un mellor aproveitamento dos espazos comúns e funcionamento do servizo.	SI	Reparto de quendas de traballo
Velar para que o persoal non docente sexa respectado no desenvolvemento das súas funcións.	SI	

4.4. Familias - ANPA		
ACTUACIONES	GRAO DE CONSECUCIÓN	Evidencia
Incluír as reunións mensuais da directiva da ANPA coa dirección do centro na programación inicial do curso.	SI	Calendario de reunións e avalicións
Deseñar actividades coa ANPA que afiancen a súa influencia en número de asociados e capacidade financeira.	SI	Subvención transporte nas saídas Banco de Libros Presenza en concursos, premios, celebracións
Aproveitar todas as vías de comunicación coas familias: axenda do estudante, páxina web e blogs e as reunións colectivas dos titores cos pais e nais polo menos dúas veces ao curso.	SI	Introdución de AbalarMóviles Sección web: Familias- ANPA

4.5. Relacións coa contorna		
ACTUACIÓNS	GRAO DE CONSECUCCIÓN	Evidencia
Mellora dos accesos ao instituto coa apertura dunha nova rúa que permita a circulación do transporte escolar.	SI	Novo acceso
Planear a colaboración co futuro Museo Municipal nas inmediacións do IES.	SI Parcial	O Centro de Interpretación construíuse pero non se inaugurou Visita
Estreitar os lazos cos Servizos Sociais...	SI	
Manter o contacto co tecido empresarial para os actuais PCPI ou futura FP Básica.	Os PCPI desapareceron e non temos FPB (en fase de solicitação)	
Ampliar a colaboración cos clubs deportivos da contorna para os premios Estudo e Deporte e outras accións conxuntas.	SI	Premio Estudo e Deporte

5. Organización e xestión

5.1. Coordinación e planificación docente		
Contemplan a posibilidade de reunións de equipos educativos por nivel, polo menos para o primeiro ciclo da ESO, ademais de consolidar as que xa se veñen realizando no centro.	NON	
Definir e aplicar procedementos de coordinación docente que redunden no mellor desenvolvemento da actividade educativa.	Parcialmente	
Desenvolver planos de traballo específicos para o mellor funcionamento do centro.	NON	

5.2. Acción Titorial		
ACTUACIÓNS	GRAO DE CONSECUCCIÓN	Evidencia
Sistematizar as actividades co alumnado desde a recepción dos alumnos, a planificación xeral das sesións de titoría, o control da disciplina e do absentismo e seguimento académico.	Parcialmente	Plan de convivencia Protocolo de absentismo
Aproveitar todas as vías de comunicación coas familias: axenda do estudante, blogs e, sobre todo, as reunións colectivas dos titores cos pais e nais polo menos dúas veces ao curso.	SI	AbalarMóviles Reunións coas familias
Fomentar e apoiar a convocatoria por parte dos/as titores/as de reunións do profesorado para analizar os problemas específicos e a evolución dos seus grupos.	SI	
Priorizar a asignación de titorías ao profesorado con destino definitivo no centro, mantendo os criterios de rotación e incompatibilidade con outras responsabilidades cando as necesidades do servizo o permitan.	SI	Horarios

5.3. Actividades complementarias e extraescolares		
ACTUACIÓNS	GRAO DE CONSECUCIÓN	Evidencia
Analizar na Comisión de Coordinación Pedagóxica as actividades, especialmente as saídas e excursións.	SI	Calendario de actividades
Alentar a participación de todos os grupos nalgún proxecto, programa ou concurso comezando polos Plan Proxecta e outros.	SI	Memorias de vicedirección Calendario google de actividades: Axenda Excursións fin de curso (4.º ESO)
Apoiar a realización de actividades incluídas nas programacións anuais dos departamentos. Algunhas delas fortemente consolidadas como, por exemplo, a asistencia a obras de teatro, percorrido dun treito do Camiño de Santiago, Plan Director da Garda Civil, concursos matemáticos, etcétera.	SI	
Organizar entre o alumnado actividades variadas tanto no formato (campañas, charlas, obradoiros) coma no contido (limpeza e reciclado; autoprotección e seguridade; hixiene, saúde e prevención; orientación académica e laboral; encontros deportivos; solidariedade e concienciación social).	SI	
Deseñar actividades coa ANPA.	Parcialmente	
Revitalizar a xunta de delegados/as e animar a creación dunha posible Asociación de Estudantes que puidese canalizar as súas propostas e participar na organización de actividades.	Parcialmente	Reunión da Xunta de Delegados/as unha vez ao trimestre

5.4. Departamento de Orientación		
ACTUACIÓNS	GRAO DE CONSECUCIÓN	Evidencia
Manter o Servizo de Mediación.	SI Parcialmente	Curso de formación de mediación no Concello de Mugardos
Estreitar a comunicación cos Servizos Sociais municipais.	SI	
Plan de acollida ao alumnado de 1.º ESO. Visita e apadriñamento.	SI	
Promocionar nas reunións cos pais e nais o horario de atención.	SI	Entrega do horario de atención a pais/nais. Promoción na web
Promover a elaboración de materiais propios do departamento para a distribución entre a comunidade escolar.	Parcialmente	Facebook e Blog de Orientación: Pienso, sientto, soy

5.5. Igualdade entre homes e mulleres		
ACTUACIÓNS	GRAO DE CONSECUCIÓN	Evidencia
O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.	SI	Móvete pola igualdade Cadea humana (Día Internacional da Muller) Xornadas da Igualdade
Incluír a adquisición, en alumnos e alumnas, dos coñecementos para atenderen as propias necesidades domésticas e os labores familiares compartidos.	NON	Proxecto de centro curso 2016-2017
Adoptar as medidas de corrección ou sanción ante calquera situación no centro de desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.	SI	Activación do protocolo de acoso e ciberacoso cando foi preciso Plan de Convivencia

6. Proxectos e dinamizacións

6.1. Biblioteca e Proxecto Lector		
ACTUACIÓNS	GRAO DE CONSECUCIÓN	Evidencia
Apoiar a realización de actividades da biblioteca como a formación de usuarios, dinamización cultural e, sobre todo, a educación documental.	SI	Materia libre configuración de centro: - Investigación e tratamento da información (2º. ESO)
Garantir os servizos da biblioteca escolar como o préstamo, o acceso a internet e outros produtos culturais.	SI	PLC Plans da Biblioteca PLAMBE
Continuar coa presenza do centro no Plans de Mellora, Clubs de Lectura e outros que contén coa implicación do profesorado.	SI	Clubs (Boca do Lobo-ESO; Club de adultos (familias...); English chat (CUALE)
Crear espazos e situacións para familiarizar aos nosos alumnos cos libros: falar deles e manexalos, na aula e na biblioteca escolar.	SI	
Facer partícipe ás familias da importancia da lectura. Implicar aos pais e nais na posible prestación de servizos bibliotecarios como a apertura pola tarde.	SI Parcial	Biblioboletíns (Abrapalabra)
Avaliar periodicamente a Hora de Ler	SI	Memoria da biblioteca Enquisa de satisfacción

6.2. Normalización Lingüística		
ACTUACIÓNS	GRAO DE CONSECUCIÓN	Evidencia
Revisar o Proxecto Lingüístico de Centro.	SI	Redacción e aprobación do PLC (ver)
Garantir que o galego sexa a lingua empregada a nivel administrativo, en todos os comunicados, documentos, páxina web...	SI	
Afondar nas medidas recollidas no Proxecto Lingüístico para a integración do alumnado procedente doutras comunidades.	SI	
Solicitar a colaboración de todos os estamentos educativos, especialmente do profesorado e a ANPA, para a participación no EDL.	SI	EDL

6.3. Dinamización de linguas estranxeiras		
ACTUACIÓNS	GRAO DE CONSECUCIÓN	Evidencia
Manter as seccións bilingües consonte o número de matrícula dispoñible.	SI Parcial	
Publicitar a oferta de cursos de inglés CUALE.	SI	web
Solicitar a presenza de auxiliares de conversa en lingua inglesa.	SI Parcial	Auxiliares de conversa: - SHAWNA BERK (Curso 2013-2014) - Nadine (Cursos 2014-2015 e 2015-2016)
Estudar as posibilidades reais e trazar as liñas de actuación, xunto cos departamentos de linguas, para a participación do centro en programas europeos.	SI	Comenius (curso 2013-2014) Erasmus + (Curso 2014-2015) Conoscio CFR-Ferrol (Cursos 2015-2016; 2016-2017)
Apoiar ao profesorado na ampliación de coñecementos persoal e profesional e animalo a participar en actividades de formación no estranxeiro (PIALE).	SI	Espazo PIALE

6.4. TIC e sistemas informáticos		
ACTUACIÓNS	GRAO DE CONSECUCIÓN	Evidencia
Iniciar o estudo de viabilidade técnica e económica para a creación dunha segunda Aula de Informática.	SI Parcial	Preparación da Aula 5 (instalación eléctrica; router; ordenadores)

Estimular o emprego docente de ferramentas informáticas como Edmodo, Aula virtual Modle, ThatQuiz e a subscrición a Aula Planeta.	SI	Aula Virtual
Actualización periódica de contidos da páxina web do centro e aproveitamento da Aula Virtual.	SI	Páxina do IES
Optar polos servizos oficiais (Webs dinámicas, EspazoAbalar) e software libre. Só en caso de necesidade xustificada e consensuada, estudar outras posibilidades como SiXa.	SI	Perfil Facebook Canle YouTube
Incluír a formación nesta materia na programación de actividades complementarias do alumnado e ampliar a oferta de charlas ás familias coa colaboración da ANPA.	NON	
Reforzar o papel do coordinador TIC do centro coas medidas axeitadas: ampliación do equipo de apoio, contratación externa para servizos de reparación ou asesoramento.	SI Parcial	

6.5. Proxecto deportivo		
ACTUACIÓNS	GRAO DE CONSECUCIÓN	Evidencia
Ampliar a colaboración cos clubs deportivos do entorno.	SI	Web
Dar continuidade aos premios Estudo e Deporte.	SI	Blog Premios Estudio e Deporte
Participación en proxectos como Xogade, Deporte Escolar, xogos tradicionais...	SI	
Promover actividades deportivas nos recreos.	SI	Recros saudables
Promoción das actividades entre a comunidade educativa.	SI	Premio Galicia Saudable á entidade educativa destacada no fomento e promoción da actividade física e dos hábitos de vida activa Materia de libre configuración de centro: - Actividade Física e hábitos saudables 2º BAC -2 horas

6.6. Outros		
ACTUACIÓNS	GRAO DE CONSECUCIÓN	Evidencia
Posta en valor da cortiña e da estación meteorolóxica.	SI Parcialmente	Contratación de servizo de xardinaría
Campañas de reciclaxe e aforro enerxético.	SI	Plan de Eficiencia Enerxética
Campañas solidarias, Rastro, etcétera.	SI	Proxectos Solidarios
Alentar a creación de grupos máis ou menos estables de teatro e actuacións musicais.	SI Parcialmente	Materia de libre configuración de centro: - Obradoiro de teatro (1.º BAC – 1 hora)

Ampliacións ou modificacións ao proxecto inicial

O contexto no que se desenvolveu o proxecto foi o dos últimos catro anos, caracterizado principalmente por unha forte crise económica e altas taxas de desemprego a nivel xeral e máis acusado en particular na comarca de Ferrolterra. Malia o declive demográfico, conseguimos manter a matrícula anual nos 250 alumnos/as.

Por outra banda, podemos citar dúas situacións que ocasionaron non tanto modificacións no proxecto inicial como unha necesidade de adaptación en pouco tempo:

A) Implantación da LOMCE

A progresiva adaptación á Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (BOE nº 295, do 10 de decembro de 2013) representou un esforzo do claustro docente e equipo directivo por adaptarse aos cambios normativos que se foron producindo: programacións, estándares de aprendizaxe, competencias clave, criterios de avaliación, avaliacións finais, itinerarios, estudos académicos e aplicados, materias troncais de opción, específicas e de libre configuración, información ás familias...

Con todo, tamén supuxo unha oportunidade de reflexión e renovación metodolóxica. Nalgúns aspectos concretouse nun aumento do traballos por proxectos, cursos de formación do profesorado, autonomía do centro para elixir e crear novas materias de libre configuración.

No IES de Mugardos, a partir do debate na Comisión de Coordinación Pedagóxica aprobáronse os itinerarios de 4.º ESO e as seguintes novas materias:

- Obradoiro de teatro: 1 hora en 1.º Bacharelato.
- Actividade deportiva e hábitos saudables: 2 horas en 2º. Bacharelato.

- Reforzo e afondamento de inglés: 1 hora en 1.º e 2.º Bacharelato.
- Lingua portuguesa e cultura lusófona: 1 hora en 1.º e 2.º Bacharelato.

B) Cambios e redución de persoal

A pesar de contar cun claustro estable, por medio de xubilacións e traslados si se produciron situación de cambios de persoal. Aumentando lixeiramente o número de profesores substitutos, neste período mantemos o claustro nos 33 docentes necesarios.

Si facemos constar a perda dun Auxiliar de Conversa que esperamos recuperar nas seguintes convocatorias.

Critérios e indicadores de avaliación

a) Dinamización dos órganos de goberno, coordinación docente e o impulso da participación

Desde o comezo do mandato ata este momento, convocamos 21 Consellos Escolares, 30 claustros e 31 CCP. Segundo o procedemento acordado no centro, a convocatoria realízase por correo electrónico. Intentouse respectar, e só en contadas ocasión non se puido cumprir, o calendario de reunións e avaliación aprobado a principio de cada curso. Procúrase informar do tempo estimado de cada reunión e de cada punto da orde do día.

The table displays the schedule for the 2016-2017 course, organized by month. It lists the dates and topics for various committees and meetings:

- SEPTIEMBRE:** CCP (Sept 14), Consejo de Centro (Sept 22), Consejo de Familiares (Sept 30).
- OCTUBRO:** CCP (Oct 15), Recopilación de datos (Oct 18), CCP (Oct 27).
- NOVIEMBRE:** CCP (Nov 11), AMPA (Nov 18).
- DICIEMBRE:** CCP (Dec 11), AMPA (Dec 18).
- ENERO:** CCP (Jan 11), AMPA (Jan 18).
- FEBRERO:** CCP (Feb 11), AMPA (Feb 18).
- MARZO:** CCP (Mar 11), AMPA (Mar 18).
- ABRIL:** CCP (Apr 11), AMPA (Apr 18).
- MAYO:** CCP (May 11), AMPA (May 18).
- JUNIO:** CCP (Jun 11), AMPA (Jun 18).
- JULIO:** CCP (Jul 11), AMPA (Jul 18).
- AGOSTO:** CCP (Aug 11), AMPA (Aug 18).
- SEPTIEMBRE:** CCP (Sep 11), AMPA (Sep 18).

Calendario de reunións e avaliacións

Convocatoria de claustro



CONVOCATORIA DE CLAUSTRO

DATA: Xoves, 3 de novembro de 2016
 HORA: 16:30 horas
 LUGAR: Biblioteca
 Duración aproximada: 90 min.

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior. (5 min)
2. Presentación e aprobación da Programación Xeral Anual* (20 min)
 - 2.1. Exposición dos puntos principais do Plan Anual.
 - 2.2. Intervención das Xefes/as de Departamento para explicar as liñas básicas das respectivas programacións.
 - 2.3. Propostas dos dinamizadores/as.
3. Seguimento do curso 2016-2017 (30 min)
 - 3.1. Informe do director.
 - 3.2. Informes das Xefaturas de Estudos.
 - 3.3. Queda de intervencións para achegar datos e presentar propostas de mellora.
4. Organización das actividades (20 min)
 - 4.1. Plans e programas solicitados.
 - 4.2. Planificación do trimestre.
5. Rogos e preguntas (10 min)



* Enderezo PXA: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesdemugarbos/?q=system/files/PXA%202016-2017.pdf>

A renovación do Consello Escolar realízase de xeito coordinado cos centros de ensino público do Concello de Mugarbos.

Ao longo deste cursos presentáronse ao Consello Escolar varias propostas de modificación das Normas de Organización e Funcionamento (NOF). Asemade creáronse comisións, segundo estipula a normativa, para a elaboración entre outros do Plan Lingüístico de Centro e mais o Plan de Convivencia.

Unha das medidas dos últimos anos foi a revitalización da Xunta de Delegados/as para canalizar as inquedanzas do alumnado.

b) Xestión dos recursos humanos e materiais

Un dos puntos fortes do programa de dirección foi a de proporcionar unha oferta educativa ampla e axustada ás demandas sociais. Neste sentido reforzouse a Educación Secundaria de Adultos e completáronse os trámites para a solicitude dun ciclo de Formación Profesional de grao medio e outro de FP Básica.

De xeito continuado conseguíronse recursos económicos a través da participación, por exemplo, nos Contratos-Programa coa Consellería e outros finalistas como o Plan de Mellora da Biblioteca Escolar, clubs de lectura, EDL...

Neste período completouse a instalación de canóns e taboleiros dixitais en todas as aulas do centro. Melloráronse as instalacións coas solicitudes de pupitres (aula 10) e mobiliario da biblioteca. Reorganizáronse varios departamentos como o de ciencias sociais.

c) Organización de actividades extraescolares

Procurouse acordar un calendario de actividades que, ademais de contar cunha compoñente formativa aprobada pola CCP, servise para romper as rutinas desmotivadoras para o alumnado e desconxestionar a actividade académica.

A difusión das actividades foi intensa co principal obxectivo de informar e contar coa opinión da comunidade educativa:

- Calendario público: Google Calendar.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesdemugardos/?q=node/1227>

- Reseña na web do instituto:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesdemugardos/>

- Emprego das redes sociais:

Canle [YouTube](#)

Perfil [Facebook](#)

LIGAZÓNS

DINAMIZACIÓNS

- [Proxectos Solidarios](#)
- [Educación Medioambiental](#)
- [Novas tecnoloxías](#)
- [Dinamización Lingüística](#)

PROGRAMAS, PLANS, PROXECTOS

- [Distribución de froita escolar](#)
- [Parlamento Xove](#)
- [Plan Deportivo](#)

[ANIMACIÓN Á LECTURA](#)

- [HORA DE LER + Conta comigo](#)
- [Clubs de lectura](#)
- [Biblioteca](#)

EXCURSIÓNS

- [Viaxe Fin de Curso \(4.º ESO\)](#)

e) Impulso e posta en marcha de programas e iniciativas de innovación

Nos catro cursos do mandato aprobáronse proxectos dentro do Plan de Formación Permanente do Profesorado, coa asesoría do CFR-Ferrol.

Curso 2013-2014

PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

Liña 1: Programación, desenvolvemento e avaliación de competencias básicas.

Grupo de Traballo "Detección e tratamento da diversidade a través do traballo coas competencias básicas (50 horas).

Liña 2: Integración didáctica das TICs.

Curso "Xestión de cursos Moodle" (20 horas)

Grupo de Traballo "Unha biblioteca na nube (25 horas)

COMBAS - Fase 2

CONTRATOS-PROGRAMA: dúas modalidades: PROA, excelencia.

PROXECTA: seis

Curso 2014-2015

PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

Liña 1: Integración didáctica das TICs.

Curso "Pizarra Dixital" (10 horas)

Grupo de Traballo (25 horas). "As TIC para a Aprendizaxe Baseada en Proxectos (ABP)"

ERASMUS +

Preventing Underachievement. Meeting our Students Needs.

Ver [Documentos e información do proxecto](#)

CONTRATOS-PROGRAMA: Tres modalidades (PROA, comp. Matemática, excelencia)

CURSO 2015-2016

PFPP F1531040 Integración das competencias clave a través do modelo de tarefas

Actividades:

- Curso MOOC (massive open online course)
- Seminario: Integración das competencias clave a través do modelo de tarefas.
- Seminario: Programación de secuencias didácticas en seccións bilingües e en Inglés.

Materiais: [Aula virtual](#)

PIALE:

- Participación da profesora CARMEN MEIRIÑO

CONTRATOS-PROGRAMA: Tres modalidades (PROA, competencia matemática, excelencia)

PROXECTA: tres

Curso 2016-2016

PFPP: O profesorado do IES de Mugar dos ante o reto da renovación pedagóxica.

Seminario: Integración das competencia clave a través do traballo por proxectos.

Curso: Ferramentas audiovisuais para o traballo por proxectos

Seminario: Dispositivos móbiles e ferramentas TIC para o traballo por proxectos.

PIALE

Participación da profesora Gabriela Sánchez Cortizas.

CONTRATOS-PROGRAMA: tres modalidades (PROA; igualdade; excelencia)

PROXECTA: dous

f) Dinamización da atención á diversidade

Colaboración permanente coas titulares do Departamento de Orientación para o seguimento do Plan de Atención á Diversidade e a súa concreción anual.

Agás nun curso, creáronse grupos de Diversificación Curricular e agora PMAR.

Unha das medidas que cremos necesaria foi a de aumentar o número de exencións en segunda lingua estranxeira (francés) cos informes pertinentes da xunta de avaliación, orientación e permiso familiar.

Colaboramos coas dúas inspectoras e un inspector que neste breve período nos foron asignadas.

Conclusións e proposta de mellora

Rematamos con dez conclusións e outras tantas propostas, de ser o caso, para o seguinte período de dirección:

1. A totalidade dos obxectivos proxectados inicialmente recibiron medidas para o seu cumprimento.
2. Logo da análise, o grao de consecución dos obxectivos é alto.
3. Satisfacción polo traballo do persoal docente e non docente na prestación dun servizo educativo público de calidade.
4. Acerto ao publicitar con esforzo a oferta da Educación de Adultos nun período e de crise laboral e económica.
5. Boa colaboración de todos os sectores da comunidade educativa.
6. Recoñecemento do Proxecto Deportivo de Centro.
7. Consolidación da Biblioteca (PLAMBE).
8. Planificación coherente das actividades extraescolares.
9. Distribución equilibrada das linguas oficiais, con dinamización da lingua galega nun ambiente castelán falante; e medidas en aumento de fomento da lingua inglesa: seccións bilingües, etcétera.
10. Dificultades para programar reunións de coordinación docente dentro do horario escolar.
11. MELLORA: incidir na necesidade de renovación TIC tanto do equipamento coma na formación do profesorado. En canto ao primeiro cómpre seguir solicitando a ampliación da banda larga para permitir unha boa conexión á rede, igual ou superior aos 100Mb. Tamén a creación dunha segunda aula de informática ou, se prefire, aula con ordenadores.
12. MELLORA: Incorporar, se é aprobado finalmente, a oferta dun ciclo de FP.
13. MELLORA: Renovación do Proxecto Educativo de Centro coa participación dos órganos de goberno e toda a comunidade educativa.
14. MELLORA: Avaliar a implantación dos itinerarios en 4.º ESO e a oferta de optativas en Bacharelato.
15. MELLORA: Investimento do remanente ou aforro dos últimos anos nas aulas e equipamento. Atender ao mantemento do edificio que xa supera os 25 anos.
16. MELLORA: Avanzar nas medidas de coordinación docente.
17. MELLORA: Levar á práctica coas modificacións precisa o servizo de mediación para a resolución de conflitos entre o alumnado.

18. MELLORA: Impulsar a Xunta de Delegados/as con máis reunións trimestrais.
19. MELLORA: Impulsar a convocatoria das comisións do Consello Escolar, en especial a Comisión de Convivencia.
20. MELLORA: Continuar coas medidas de promoción da lectura e escritura.

Mugardos, 28 de xaneiro de 2017

Serafin Álvarez Rodríguez

Introdución

Situacións que ampliaron ou modificaron o proxecto inicial